

Existen dúas grandes correntes no **liberalismo** como poderedes ver no seguinte documento: o **doutrinario**, que representa os intereses da alta burguesía e ao que se adiren finalmente as elites do clero e da nobreza unha vez superado o Antigo réxime e asumido que non voltarán os tempos dos seus privilexios señoriais. E tamén o liberalismo **democrático** que representa os intereses da media e pequena burguesía que os doutrinarios desprazaban do poder político mediante a aplicación do sufraxio censatario. No arquivo sobre as características do liberalismo poderedes ver as características do liberalismo en xeral e do doutrinario e do democrático en particular. Ao final de todo hai un cadro comparativo entre os dous modelos que ten moita utilidade práctica para saber distinguilos e identificalos.

No seguinte arquivo tedes unha proba de autoavaliación para comprobar se o nivel das vosas destrezas identificando as características das correntes do liberalismo e as súas diferenzas co Antigo réxime son as adecuadas.

As constitucións:

Un dos elementos fundamentais dos réximes liberais que teredes que comentar ao longo deste curso serán as diferentes constitucións da Historia de España. A modo de resumo do máis salientable recordade que:

1-Sempre que teñamos un cambio de réxime teremos un cambio de constitución. No caso de que o período dure pouco é posible que non de tempo a promulgar a nova constitución.

Exemplos: A non nata de 1855 no Bienio progresista e a Constitución federal de 1874 na Primeira república.

2-A constitución, como lei fundamental que é, a elabora o poder lexislativo que reside no parlamento. Cando se reúnen os deputados para elaborar unha constitución denomínase **Asemblea constituínte**. As posteriores reunións parlamentarias para promulgar, modificar ou derrogar leis en base a constitución previamente feita se denominan **assembleas lexislativas**.

Existe outra forma de elaborar unha constitución. Cando o monarca decide dotar ao seu pobo dunha lei suprema e limitar os seus poderes chámase **carta outorgada**: so a Constitución de Baiona de 1808 e o Estatuto Real de 1834 son cartas outorgadas.

3-O comentario básico dunha constitución se debe artellar en base a comentar cinco elementos que se subidiven en dúas partes (*Cinco lobitos tiene la loba*).

A dúas partes nas que se divide unha constitución son primeiro a **parte orgánica**, onde se expón cales son os organismos que forman o Estado e como están artellados, e segundo a **parte dogmática** na que se recollen os dereitos e deberes dos cidadáns.

Parte orgánica:

1-Tipo de **soberanía**: nacional (sufraxio censatario) ou popular (sufraxio universal)

2-Tipo de **sufraxio**: censatario (indicar se é ou non moi restritivo) ou universal (indicar se é so masculino ou e total)

3-Tipo de **división de poderes**: No doutrinario existe **Soberanía compartida** na que o monarca posúe tamén parte do poder lexislativo que comparte con un **parlamento bicameral** onde o Senado é unha cámara de notables onde se pertence por rango social (alta nobreza e alto clero xeralmente) e por rango económico (alta burguesía) e o Congreso onde se compón por deputados escollidos por sufraxio censatario. Isto serve a modo de sistema de control das

leis elaboradas por parte das elites nas que se aseguran o control do poder lexislativo. Recordade que as reminiscencias a esta bicameralidade seguen hoxe en día, o Senado actual chámase cámara alta (as elites o formaban) e o Congreso chámase cámara baixa (escollidos por sufraxio) aínda que hoxe ten moito máis poder o Congreso. O mesmo sucede en Reino Unido onde está a Cámara dos lores e a Cámara dos comúns.

No liberalismo democrático temos clara separación de poderes executivo (monarca), lexislativo (unicameral xeralmente aínda que a de 1869 é bicameral pero ambas cámaras escollidas por sufraxio) e xudicial (tribunais, igual que no doutrinario)

4-Relacións entre a Igrexa e o Estado na que basicamente se poden dar dúas situacións: o Estado ten relixión oficial así denominase **Estado confesional**. O estado non ten relixión oficial denominase Estado laico e aconfesional. Tamén debemos expoñer se existe ou non liberdade de cultos aínda que o Estado sexa confesional pode existir ou non. Se é laico sempre existe.

Parte dogmática:

O fundamental é explicar se os **dereito e liberdades dos cidadáns** son amplos (liberalismo democrático) ou están restrinxidos (liberalismo doutrinario). Os dereitos máis salientables que merece a pena mencionar e recoñecer nos documentos das constitucións son: o dereito a propiedade privada, **a liberdade de imprenta** (que implica a liberdade de expresión e a ausencia de censura) e o **dereito de asociación** que permitirá a creación de novos partidos políticos.

Exemplos significativos que debedes lembrar respecto a todo o anterior:

1-O Estatuto Real de 1834 é tremendamente restrinxido o sufraxio, mestura linguaxe incluso do Antigo réxime (chámalle as dúas cámaras do poder lexislativo cámaras estamentais por exemplo). Non contenta nin aos doutrinarios.

2-A Constitución de 1837 do partido progresista é doutrinaria pero menos restritiva que a Moderada de 1845. Podemos afirmar que a parte orgánica é doutrinaria pero predomina o poder das Cortes sobre o monarca e o sufraxio censatario é máis amplo e a parte dogmática se achega ao liberalismo democrático. A Moderada de 1845 é totalmente doutrinaria, predomina o rei sobre as Cortes e o sufraxio censatario e máis restrinxido que a de 1837.

3-A primeira Constitución democrática é a de 1869 promulgada no Sexenio democrático (1868-1874).

En canto á ideoloxía dos partidos teríamos que se un punto da recta é o liberalismo doutrinario puro e o outro o liberalismo máis democrático de todos sería do seguinte xeito.

